

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

*EXTRACTO da Orde do 11 de xaneiro de 2024 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a realización de probas de nivel lingüístico para o alumnado que realice os seus estudos no curso 2023/24 (código de procedemento ED531D).*

BDNS (Identif.): 742389.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<https://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

##### Primeiro. *Beneficiarios*

Esta convocatoria está destinada a todos os centros privados concertados non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades nos que se impartan ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e/ou formación profesional.

##### Segundo. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto regular o procedemento de solicitude e concesión de axudas a centros privados concertados que impartan ensinanzas de educación secundaria, bacharelato e/ou formación profesional para a realización de probas de nivel lingüístico para o alumnado (código de procedemento ED531D).

2. O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

##### Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 11 de xaneiro de 2024 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a realización de probas de nivel lingüístico para o alumnado que realice os seus estudos no curso 2023/24 (código de procedemento ED531D).



**Cuarto. Financiamento e contía das axudas**

1. O financiamento das axudas previstas nesta orde efectuarase con cargo á partida orzamentaria 10.06.423A.780.3 por un importe máximo de 150.000 € con cargo ao orzamento de 2024.

2. Esta convocatoria tramítase como expediente de tramitación anticipada de gasto, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, conforme o proxecto de Lei de orzamentos para o exercicio 2024, que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 18 de outubro de 2023, e ao abeiro do establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de gasto, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, xunto co artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que, no momento de se ditar a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos os ditos actos.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último do mes.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2024

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades  
P.D. (Orde do 29.7.2022; DOG núm. 151, do 9 de agosto)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura,  
Educación, Formación Profesional e Universidades

